



## Rubén Boquete Varela proclámase Campión Galego de Compak Sporting

O pasado día 24 de maio celebrábase no campo de tiro “Río Sar” en Chaián (Trazo) o Campionato Galego de Compak Sporting 2009, organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade Deportiva “Río Sar”.

A proba, que se disputaba sobre 150 pratos, contou cunha participación total de 59 tiradores. O gañador da tirada foi Rubén Boquete Varela, ao escachar 134 pratos. Segundo foi Antonio Iglesias Otero, que escachaba 131 pratos e terceiro clasificado Artemio Formoso Barro, con 130 pratos escachados. Na categoría de veteranos o gañador da proba era Angel Mosquera Rodríguez, con 125 pratos escachados. En xuvenís vencía Martín Muíños Rodríguez, con 109 pratos e Manuel Martín Boedo facía o propio en superveteranos, ao escachar 95 pratos.



Tras levar a cabo o reconto de puntos das diferentes probas clasificatorias e do Campionato Galego, conformábase a Selección Galega que participará no próximo Campionato de España que nesta edición celebrábase no Campo de Tiro “Río Sar” o vindeiro mes de xuño.

CLASIFICACIÓN DA PROBA			
Pos.	Participante	Provincia	Pratos escachados
1º	Rubén Boquete Varela	CO	134
2º	Antonio Iglesias Otero	CO	131
3º	Artemio Formoso Barro	LU	130
4º	Diego Antelo Noya	CO	130
5º	Manuel García Pombo	CO	128

CLASIFICACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO		
Pos.	Participante	Provincia
1º	Rubén Boquete Varela	CO
2º	Antonio Iglesias Otero	CO
3º	Artemio Formoso Barro	LU
4º	Manuel García Pombo	CO
5º	Angel Mosquera Cornide	CO

SELECCIÓN GALEGA			
SENIOR	VETERANOS	SUPERVETERANOS	XUENÍS
Rubén Boquete Varela	Angel Mosquera Rodríguez	Manuel Martín Boedo	Martín Muíños Rodríguez
Antonio Iglesias Otero	Eliseo Faraldo Fernández		
Artemio Formoso Barro			
Manuel García Pombo			
Angel Mosquera Cornide			

### Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



Federación Galega de Caza  
Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779

Correo Electrónico: [federacion@federaciongalegadecaza.com](mailto:federacion@federaciongalegadecaza.com) Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>